



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE INSTALACIÓNS E ACTIVIDADES DO PAVILLÓN MUNICIPAL EN VEDRA

OBXECTO.-

O obxecto do presente contrato é a prestación do servizo de xestión de instalación e actividades do pavillón municipal de Vedra, o dito servizo consiste en xestionar o relacionado coa infraestrutura do pavillón municipal situado en Vedra, e en concreto, facerse cargo dos horarios de apertura e peche e do persoal correspondente, así como o mantemento da limpeza de toda a instalación deportiva coas axeitadas condicións hixiénicas do mesmo, a supervisión de que as instalacións e servizos se atopen en perfecto estado. Tamén será o facerse cargo do subministro eléctrico das instalacións a adquisición do gasóleo para a caldeira e mantemento dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil con cobertura suficiente para as posibles responsabilidades e riscos en función do aforo e dos usuarios.

En canto ás actividades consistirá no desenvolvemento das actividades que figuran nos cadros que se xuntan e que actualmente veñen desempeñándose no mesmo, así como as melloras que no seu caso oferte a empresa adxudicataria prestadora do servizo.

OBXECTIVOS.

Que as instalacións do pavillón estén suficientemente aproveitadas e nas mellores condicións para o desenvolvemento das actividades que se veñen prestando aos veciños do concello.

BENEFICIARIOS.

O servizo estará dirixido prioritariamente aos veciños empadroados neste concello de Vedra, non obstante, poderá estar aberto a persoas ou entidades foráneas sempre e cando isto non obstaculice a prioridade que no seu caso poidan ter as persoas ou entidades do propio municipio.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com

En principio, salvo criterio en contra do Concello, respectaranse as actividades de persoas ou grupos foráneos que actualmente veñen usando o pavillón.

Así mesmo, respectarase o uso actual das instalacións por parte dos alumnos do CPI de Vedra.

PRESTACIÓNS.

As prestacións tanto para nenos como para adultos serán como mínimo as establecidas nos cadros de actividades que se xuntan a este prego, así como as posibles melloras das ditas actividades ofertadas polo adxudicatario no seu caso.

PERSOAL

Todo o persoal adscrito ao dito servizo e actividades será por conta da empresa adxudicataria. A citada empresa deberá facerse cargo da monitora deportiva contratada na actualidade polo concello que deberá ser contratada pola empresa cos mesmos dereitos adquiridos na actualidade.

ORGANIZACIÓN E CONTROL

A empresa será responsable das instalacións, actividades e persoal relativos ao servizo que se preste, si ben, o concello por medio do concelleiro que se designe, terá as facultades de control sobre o desenvolvemento do dito servizo.

HORARIOS.

Serán como mínimo os establecidos nos cadros que se xuntan ao presente prego sobre actividades e, no seu caso, o das correspondentes melloras que poidan ofertarse polo adxudicatario do servizo.

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

<i>CRITERIOS</i>	<i>PUNTOS</i>
Prezo.....	Ata 5 puntos
Traballos similares	Ata 3 puntos
Melloras adicionais.....	Ata 3 puntos